

MEMORIA DO EXERCICIO 2016

AUDITORIO DE GALICIA

4. Normas de valoración

Os criterios de valoración utilizados para o inmovilizado son exclusivamente os de custo de adquisición segundo o importe das obrigas recoñecidas a 31 de decembro, e neste exercicio non houbo investimentos. Non se incorporan custes financeiros a valores de inmovilizado.

Non obstante, se reflicten seguindo o criterio dos exercicios 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 os custos de amortización dos elementos inventariables de producirse altas no actual exercicio exercicio.

Os balances anteriores ao 2009 non reflectiron gastos de amortización pola inexistencia dun inventario de bens actualizado.

O método de amortización é o método lineal e a vida útil estimada é a seguinte:

	Anos
Construcións	50
Inmobles adscritos e cedidos a terceiros	50
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria, instalacións e utillaxe	10
Investimentos inmateriais	5
Outro inmovilizado material	5
Fondo bibliográfico e outros	8

Considérase como momento de inicio de amortización contable en termos xerais o mes seguinte do recoñecemento da obriga e/ou data de recepción da obra e/ou subministro.

Segundo a regra 16.2 e ante a falta de medios que permita o seguimento do inmovilizado, elaborase unha relación dos gastos en fase de obrigas recoñecidas do capítulo 6, neste exercicio non hai variación das contas do grupo 2.

Se imputaron gastos en concepto de Acreedores pendentes de aplicar ao Orzamento considerando que a 31 de decembro de 2016 houbo facturas pendentes de tramitación que deben ser aprobadas no exercicio seguinte por importe de 2.464,48 euros.